

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 8 de setembro de 2016, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

“PUNTO DÉCIMO.- EXCLUSIÓN DE EMPRESAS LICITADORAS DO EXPEDIENTE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ACTIVIDADES DE ESCOLAS DEPORTIVAS DO CONCELLO DE AMES.-

O 4 de agosto de 2016 aprobouse en Xunta de Goberno Local o expediente de contratación mediante procedemento aberto, oferta económica mais vantaxosa, varios criterios de adxudicación e tramitación urxente do Servizo de Actividades de Escolas Deportivas do Concello de Ames.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que o 30 de agosto de 2016 a Mesa de Contratación reuniuse con motivo da apertura das Referencias Técnicas “Sobres B”.

Unha vez comprobada pola Mesa de Contratación a documentación que figuraba nos Sobres B púidose constatar que as empresas Esproade S.L. e Move Servizos de Ocio e Deporte incumpren o establecido na cláusula 17.2 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares ao exceder o límite máximo de 30 páxinas establecido para o programa deportivo.

Visto o anterior, así como a delegación efectuada mediante decreto de alcaldía 480/2016, de 16 de marzo (BOP nº 62, de 4 de abril de 2016), a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Excluir do procedemento de licitación do Servizo de Actividades de Escolas Deportivas do Concello de Ames ás empresas Esproade S.L. e Move Servizos de Ocio e Deporte por exceder do límite máximo de 30 páxinas establecido na cláusula 17.2 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para o programa deportivo.

Segunda.- Notificar ás empresas Esproade S.L. e Move Servizos de Ocio e Deporte, a exclusión.

Terceira.- Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións e trámites sexan precisas para a mellor execución do acordado.”

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do señor alcalde en Ames, a 13 de setembro de 2016, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe
O alcalde

José M. Miñones Conde

A secretaria